

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga** e do seu deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1.^a**, relativa ós cursos de formación para desempregados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desemprego é a principal preocupación para os galegos e galegas según o CIS. Os altos niveis de paro que rexistra a nosa comunidade reflexan que é necesario tomar medidas por parte das administracións públicas para diminuír de unha vez por todas esta lacra. A crise económica, unido a unha aposta por un modelo produtivo centrado máis na redución progresiva de custos laborais que na creación de valor, tivo e ten consecuencias nefastas para o noso mercado laboral. É necesario elaborar unha estratexia conxunta na que se potencien as empresas que xeran postos de traballo de calidade, ademais de dotar ás persoas desempregadas cos coñecementos necesarios para cubrir as demandas das empresas.

Para formar ás persoas desempregadas, o goberno da Xunta de Galicia anunciou a finais de marzo de 2017, a través do DOGA, que reservaba unha partida de 48 millóns de euros para cursos formativos, dos cales se poderían beneficiar un total de 11.250 persoas. Estes fondos repártense entre empresas, concellos e entidades sen ánimo de lucro. As accións formativas que se inclúen na programación,

diríxense con carácter preferente ás persoas desempregadas que sexan mulleres, parados de longa duración, menores de 30 anos con discapacidade ou traballadores con Baixa cualificación. Permítese ademais a presenza de un 25% de persoas traballadoras ocupadas sempre e cando as prazas non sexan cubertas. Entre os sectores que inclúe esta acción formativa están os relacionados coa industria 4.0, idiomas, ofimática, tecnoloxía da información e comunicación, coñecementos financeiros ou xurídicos. Dende En Marea consideramos que esta oferta educativa é escasa e creemos que é necesario potenciar máis os sectores tecnolóxicos, marketing/ventas e exportación.

Por outro lado, tamén queremos incidir en que as horas destinadas para prácticas en empresas son claramente insuficientes, en estes cursos, deben favorecerse máis os elementos prácticos que os teóricos.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de en Marea formula a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Aumentar os niveis controis sobre concellos, empresas e entidades sen ánimo de lucro que reciben subvencións por parte da Xunta de Galicia para facer cursos de formación a desempregados.
2. Mellorar a oferta educativa para responder ás demandas reais do mercado laboral.
3. Aumentar o número de horas para as prácticas en empresas.
4. Elaborar un informe detallado de cada curso onde se recolla o nivel de inserción conseguido con cada alumno grazas ó curso formativo realizado.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2017.

